


Realidade voluminosa

VICENTE ARAGUAS



TODO CANTO FOMOS
XOSÉ MONTEAGUDO
Editorial Galaxia, Vigo, 2016
16 euros

Escribir novela, a poesía é outra cousa, tan diferente que igual nin sequera deberá ir en comandita cos outros xéneros literarios nos manuais “ad usum”, é un traballo cando menos duro, se non magoante. Para o cerebro máis tamén para o corpo en xeral, sometido a xornadas de tensión física.

Por suposto que hai choios moito máis estresantes e perigosos pero eu estou falando de ocupacións artístico-literarias e por aí a de novelista, mester hoxe en descrédito. Hoxe, a voltas coa decadencia da novela, porque ¿para que contar cousas a través de personaxes que o novelista manexa cal se se tratase de monicreques, cando esa mesma historia ben podería figurar nun ensaio ou tratado? Isto é o que din algúns sen se decatarse que os humanos dominados polo vicio da lectura o que precisan, decote, é de imaxinación que lles outorgue á propia elementos de ficción cos que fuxir da realidade inmediata e pedestrista. Por iso eu que preciso que me conten historias, mesmo as que ilustran a Historia, agradezo de cando e vez, que tampouco se debe esaxerar, que me surtan de novelas ao Dickens ou o Victor Hugo, na extensión, digo, para me sentir máis nutrido, literariamente falando.

Por iso, xustamente, veño de ler co meirande interese esta novela de Xosé Monteagudo, *Todo canto fomos* (Editorial Galaxia, Vigo, 2016) que me ilustra sobre varios tempos

“Por suposto que hay choios moito máis estresantes e perigosos pero eu estou falando de ocupacións artístico-literarias e por aí a de novelista, mester hoxe en descrédito”

“Por iso, xustamente, veño de ler co meirande interese esta novela de Xosé Monteagudo, *Todo canto fomos*, que me ilustra sobre varios tempos do acontecer de Galicia. Nunhas viñetas cheas de amenizade, que se len co mesmo...”

do acontecer de Galicia.
Nunhas viñetas cheas de ameni-

dade, que se len co mesmo pracer co que os lectores de antes, de antes de que se discutise a actualidade da novela, ou a pertinencia da poesía como xénero, que nos falan dunha Galicia aquí e acolá (da que se fixo en e fixo a Arxentina), da Galicia anterior a unha guerra que esnaquizou uns fundamentos galeguistas que nunca volverían ser da mesma maneira.

Pero tamén da Galicia prebélica, cando se forxaba aquela grande ilusión, e da posbélica, negrísima. Todo isto, con nomes propios, cun realismo que nada ten de cartón-pedra senón de verosimilitude é o que deseña Xosé Monteagudo con maneiras de cronista da realidade. Mais deses que sirven á Historia mais sen se servir dela.

A Historia como medio e non como fin, que para isto último xa están –precisamente– os ensaios históricos ou as hemerotecas. Rolda a novela de Monteagudo as cincocentas páxinas, desas que se len –como quere o tópic– axiña.

Pero non con anseios de rematar pronto, mais deixándose levar por este mangado de historias que son como viñetas moi ben ensambladas. O fio conductor, un novelista galego afincado en Londres, novelista con certo éxito nos eidos da novela negra, que volve ás orixes por causa da morte da nai, e reconstrúe todo un universo que o estaba agardando. Novela dentro da novela, pois, novelista sobre novelista, así Xosé Monteagudo.

REFLEXIÓN SOBRE O SIGNIFICADO DOS VIAXES

DE CAMIÑOS, VIAXEIROS E CAMIÑANTES
SANTIAGO LAMAS E ALFONSO MATO
Editorial Galaxia, Vigo, 2016
19,90 euros



En xullo de 1927, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Ben-Cho-Shey camiñaron dende Ourense a Santo André de Teixido, no cabo do mundo. En “De camiños, viaxeiros e camiñantes”, Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2015, Santiago Lamas e Alfonso Mato desenvolven unha reflexión suxerente sobre o significado cultural das viaxes, sobre a relación entre camiño e literatura, movemento e lectura. Sobre os peregrinos, paseantes, guías de viaxe, turistas e vagabundos literarios, ademais das actuais e, nalgúns casos, perversas formas de camiñar. Desde a actualidade, o libro dialoga coa Galicia de inicios do século XX mediante un estilo aberto e rico, seguindo o ronsel do ensaio e da digresión que descubriu e practicou con singular brillantez Michel de Montaigne. Santiago Lamas (Pontevedra, 1944), psiquiatra, é autor, entre outros títulos, dos ensaios “Notas para una teoría de la realidad” (1988), “Imaginaciones” (1988) o “Sobre el yo y otros objetos no identificados” (1994). Pola súa banda, tamén Alfonso Mato ten desenvolvida, en calidade de documentalista e historiador, un intenso labor divulgativo.

SUFRIDORES NA IRLANDA MÁIS ENXEBRE

A BOCA POBRE
FLANN O'BRIEN
Editorial Rinoceronte. 2016
15 euros



Bonaparte Ó Cúna é o protagonista dunha divertida historia que nos fala dos habitantes de Corca Dorchá, unha pequena aldea situada nalgún lugar remoto do occidente de Irlanda, onde os seus habitantes –nunca endexamais haberá ningún coma eles– padecen con resignación as inclemencias meteorolóxicas e as penurias da fame e da miseria. O Vello de Pelo Cano, o seu avó, está sempre ao seu carón para ofrecerlle o seu consello e acompañalo en calquera oportunidade de aliviar as graves consecuencias dun destino que os gaélicos están condenados a padecer e do que non cabe fuxida posible. O título da obra, “A boca pobre”, fai referencia directa á expresión irlandesa que describe a práctica de esaxerar a mala situación económica co obxecto de recibir caridade ou a condonación dunha débeda. A boca pobre é unha dura parodia da literatura do Celtic Revival e a visión popular da época en que se presentaba o occidente de Irlanda, concretamente as zonas de fala gaélica, como o reduto máis enxebre e auténtico do país, pero que, ao mesmo tempo, sufría con máis intensidade. Flann O'Brien é un dos moitos pseudónimos empregados por Brian O'Nolan.